



## CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045  
E-mail: correo@boimorto.es Web: www.concellodeboimorto.es

**Descrición Decreto:** Nomeamento persoal laboral temporal socorrista subvencionado pola Deputación provincial da Coruña

### **DONA MARIA JESUS NOVO GOMEZ ALCALDESA PRESIDENTA DO CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)**

Considerando os seguintes antecedentes:

- A resolución publicada no BOP núm. 95 do 24/05/2021 pola que se aproba a concesión definitiva de subvencións correspondentes ao programa FO023B convocatoria do programa de socorrismo dirixido a concellos da provincia da Coruña durante o exercicio 2021, concedendo ao Concello de Boimorto unha subvención por importe de 6.728,55 euros para contratación de socorristas para piscina municipal (cód. Exp. 2021000012078).

- O decreto núm. 230/2020 de data 07/07/2020 polo que se aproba a Bolsa de traballo persoal laboral temporal como socorrista do Concello de Boimorto, en cuxa situación actual só temos un candidato con disponibilidad inmediata para a contratación, tendo en conta os movementos da bolsa segundo informe da Técnico local de emprego de data 14/06/2021.

Finalmente, vista a dispoñibilidade actual orzamentaria para facer fronte aos custes deste traballador e en aplicación do disposto no artigo 49.1c) do Real decreto legislativo 2/2015 polo que se aproba o Texto refundido do Estatuto dos traballadores e en uso das facultades outorgadas legalmente en materia de xefatura de persoal polo artigo 21 da Lei 7/1985 do 2 de abril de bases do réxime local polo presente, **RESOLVO:**

**PRIMEIRO.-** Nomear como socorrista a Alfonso Felix Novo Sanda con DNI XXX0900XX. A duración do contrato será de tres meses dende a data de formalización do mesmo que será do 17/06/2021.

Condicionase a formalización do contrato en aplicación da base trece da convocatoria á presentación polo interesado da seguinte documentación mediante orixinal ou copia debidamente autenticada:

-Documento Nacional de Identidade, pasaporte ou documento oficial válido en dereito que acredite.

-Título esixido e certificación de aptitude do Celga 2 ou superior ou do curso de aptitude equivalente ou ben a validación correspondente.

-Méritos alegados para o concurso.

-Certificación médica actualizada na que se faga constar expresamente que o aspirante posúe a capacidade funcional para o desempeño das tarefas propias do posto de traballo ao que concorre.

**SEGUNDO.-** Facer pública mediante este decreto no taboleiro de anuncios do Concello de Boimorto así como na páxina web a situación actual da bolsa de traballo de socorrista que queda tal como segue tras a nova contratación:

1.- PAULA VERA NUÑEZ con DNI XXX4665XX

2.- **ALFONSO FELIX NOVO SANDA con DNI XXX0900XX.- Contratado.**

3.- RUBEN PAMPIN GIL con DNI XXX0640XX

4.- JOSE ANTONIO VARELA CASTRO con DNI XXX3072XX

5.- ANGELES SANTOS IGLESIAS con DNI XXX0939XX

6.- DAVID PAMPIN IGLESIAS con DNI XXX2854XX

**TERCEIRO.-** Notificar persoalmente o presente decreto ao seleccionado indicado no apartado primeiro e comunicar aos servizos administrativos para que se tramite presentada a documentación requerida a alta do traballador na seguridade social e se asine e rexistre o contrato con efectos de alta do 17/06/2021.

**CUARTO.-** Colgar este decreto na páxina web do Concello e no taboleiro de edictos aos efectos oportunos.

Decretouno a Alcaldía, Boimorto á data da súa sinatura dixital, do que eu Secretario deste Concello, dou fe e traslado.

A Alcaldesa - Presidenta

Dou fe, o secretario

Asdo.- MARIA JESUS NOVO GOMEZ

Asdo.- JORGE BOADO FERNANDEZ

